

## **ACORDOS DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2024**

Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocenos da Universidade de Santiago de Compostela,

INFORMO que a Comisión Académica do Máster, na súa reunión ordinaria do día 22 de xaneiro de 2024, chegou ós seguintes acordos:

- Aprobación da acta da reunión da Comisión de data 20-12-2023.
- Informe favorable sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes dos tres (3) membros do profesorado que presentaron a súa solicitude de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios) na convocatoria de 2023.
- Mantemento, para o curso 2024-2025, da mesma oferta de prazas no máster que a do curso anterior (2023-2024), con igual distribución de prazas nas diferentes modalidades.
- Traslado ó SXOPRA dunha serie de erros detectados no borrador do PDA do máster para o curso 2024-2025, así como acordo de solicitude de creación de un grupo adicional para as horas interactivas de laboratorio da materia Deseño Conceptual de Procesos.
- Modificación dos titores de unha (1) proposta de TFM do curso 2023-2024.
- Reinterpretación da normativa de TFM no que se refire ó número de titores dunha proposta, aceptando tipicamente un máximo de dúas persoas (un titor e un co-titor) implicadas na titorización, e reservando o número máximo de un titor e dous co-titores (isto é, un máximo de tres persoas involucradas na titorización do TFM) para casos realmente particulares ou excepcionais (en liña co espírito que emana dunha lectura detallada da normativa de aplicación).
- Confirmación da proposta recibida do SXOPRA coa táboa de adaptacións do plan de 2013 ó plan de 2024.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Héctor Rodríguez Martínez